

# CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 · 15613 A CAPELA (A Coruña)  
Teléf.: 981 45 90 06 · Fax: 981 45 93 71  
C. Elec.: correo@acapela.dicoruna.es · www.concellodacapela.es

## **BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA VINTE E NOVE DE DECEMBRO DE DOUS MIL DOCE**

### **ASISTENTES:**

Presidente:

D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

### **CONCELLEIROS/AS:**

D.<sup>a</sup> MARINA BOUZA COUCE

D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ

D. FCO. JAVIER BOUZA BERMUDEZ

D. JOSÉ SECO FERNÁNDEZ

D.<sup>a</sup> OLGA MARÍA BLANCO TEIJEIRO

D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO

D. FERNANDO VILAR DÍAZ

D. JUAN PUENTES CALVO

No Salón de Sesións desta casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña, ás dez horas cinco minutos do día vinte e nove de decembro de dous mil doce baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ, reúnense os Sres. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria convocada para o día de hoxe.

### **SECRETARIO:**

D. JOSE A. MEIZOSO PAZ.

## **1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 27 DE NOVEMBRO DE 2012**

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data vinte e sete de novembro de dous mil doce.

Toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, para dicir que na páxina 9 da acta onde figura "máis xente pagando máis impostos", en realidade o que quixo expresar foi que se implementasen políticas favorables para o incremento da poboación do concello.

Non se formulando ningún outro tipo de alegación, o Pleno Municipal e por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a acta da sesión anterior.

Sendo as dez horas sete minutos, incorpórase á sesión a Sra. Concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular D.<sup>a</sup> Olga María Blanco Teijeiro.

## **2. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 1 DO PXOM DA CAPELA. ACORDO QUE PROCEDA.**

Polo Sr. Alcalde - Presidente dise que este asunto foi informado favorablemente pola Comisión informativa de asuntos do pleno que tivo lugar o día vinte e un de decembro de dous mil doce, e a que asistiron o arquitecto municipal e dúas arquitectas do equipo redactor aos efectos de informar sobre as dúbidas que poidese plantexar o documento obxecto de aprobación.

De seguido toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, para poñer de manifesto que con respecto á modificación do PXOM débese ir sen présa pero sin pausa, e que ó mellor este documento de modificación número 1 xa debera de estar feito antes. Asimesmo, menciona aqueles elementos que non están contemplados no catálogo de bens protexidos como a Ponte de Formariz e os muíños do Pouso, Guillurfe e Outeiro; fai unha somera descrición das características destes muíños e da posibilidade de facer unha rota turística, bota en falla tamén a Fonte da Virxe de Cabalar e con respecto ó retablo da igrexa de Cabalar habería que darlle unha pensada, xa que é unha talla do século XVIII, de certo valor artístico.

De seguido toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, para dicir que o seu grupo mantén o expresado na Comisión informativa de asuntos do pleno no sentido de que se trata dunha modificación puntual redactada polo equipo técnico contratado polo Concello e o voto do seu grupo será favorable á aprobación deste documento de modificación puntual número 1 do PXOM.

Polo voceiro do Grupo Mixto - BNG, D. Juan Puentes Calvo, dise que estivo mirando o documento e ten certas dúbidas en canto ás edificacións, polo que vai manter o sentido do voto expresado na Comisión informativa de asuntos do Pleno, na que o seu grupo se abstuvo. Falando do PXOM, solicita do Sr. Alcalde-Presidente que faltan algúns documentos por colgar na páxina Web do Concello e que sería interesante completar toda a información como sí o está na páxina web do Colexio de arquitectos.

Sometido o asunto a votación, o pleno da corporación, por maioría de votos ( 8 votos a favor da aprobación do documento dos Sres. /Sras. Concelleiros/as dos Grupos Municipais do P S de G - PSOE, PP, e AIAC e 1 abstención do Sr. Concelleiro do Grupo Mixto - BNG), adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar inicialmente o documento de modificación puntual número 1 do PXOM da Capela.

2º. Proceder ao trámite de información pública e petición dos correspondentes informes sectoriais que resulten necesarios, todo elo de acordo coas previsións establecidas na LOUGA.

### **3. DECRETOS E RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA. DAR CONTA.**

Dase conta dos decretos dende o día 17 de outubro de 2012 ata o día 18 de decembro de 2012, que a continuación se relacionan.

#### **OUTUBRO:**

- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 17.10.2012, concesión licenza urbanística a D. Juan Adegas Anca, para "Construcción de cerramento para cans", no lugar de A Corveira-Caaveiro.
- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 17.10.2012, concesión de licenza urbanística a Dna. Lorena Rodríguez Vilar, para "Construcción dun pozo de barrena", no lugar de O Pazo, 2-Caaveiro.
- **SERVIZOS SOCIAIS:** Resolución da Alcaldía de data 17.10.2012, denegación da concesión da tarxeta de estacionamento por no reunir as condicións a Dna. Vitoria del Carmen Antón Fernández.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 18.10.2012, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 18.10.2012, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 19.10.2012, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 19.10.2012, aprobación facturas-pago.

- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 22.10.2012, obras denominadas "Instalación solar térmica para ACS nos vestiarios do pavillón polideportivo dos Calzados", realizadas pola empresa Neda Clima, S.L.N.E.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 22.10.2012, alta no Padrón Municipal de Habitantes de D. Antonio Alberto Fraga Ferreira, no lugar de O Pazo, 1-A Capela.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 22.10.2012, aprobación gasto.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 23.10.2012, aprobación do expediente de licitación e contratación da obra: Reparación de camiños municipais: Mourente, O Seixo, Sande, O Lombo, A Corveira O Machuco e outros", convenio coa Deputación Provincial
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 23.10.2012, alta no Padrón Municipal de Habitantes de D. Jesús Javier Fernández Pérez, no lugar de Os Calzados, 1-Caaveiro.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 24.10.2012, concesión de dous días por asuntos propios a Dna. María Cristina Rodríguez Sanmartín, os días 25 e 26 de outubro.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 24.10.2012, aprobación gasto.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 24.10.2012, obras de "Reparación da cuberta superior e lucernarios da Casa do Concello" pola empresa Diego Vidal Ferreiro-Grupo de Reparación, por importe de 2.805,45 €.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 24.10.2012, aprobación facturas-pago.
- **CONVENIOS:** Resolución da Alcaldía de data 25.10.2012, adhesión do Concello da Capela ao Convenio Marco de Colaboración entre a Admón. Xeral da Comunidade Autónoma e as Entidades Xestoras dos Sistemas Integrados de Xestión (SIX) de Residuos de Pilas e Acumuladores (RPA).
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 25.10.2012, concesión de días de vacacións a funcionaria Dna. Josefina Fernández Ferreira, dende o día 26 outubro ata o día 15 de novembro (ámbalas datas inclusive).
- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 26.10.2012, concesión licenza urbanística a D. Manuel Pérez Paz e Dna. Vanessa López López, para "Construcción de Vivevenda Unifamiliar-Modificado proxecto expte. 18/2012", no lugar de Gunxel.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 26.10.2012, alta no Padrón Municipal de Habitantes de Dna. Sandra Díaz Manita, no lugar de O Teixo, 4 - Cabalar.

- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 26.10.2012, cambio de enderezo de D. Jaime Pérez Fernández, para o lugar e O Teixo, 4-Cabalar.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 29.10.2012, aprobación gasto.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 30.10.2012, aprobación certificación número 1 da obra "Parque público nas Neves" por importe de 30.859,03 €.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 30.10.2012, contratación da subministración de "Equipos informáticos para as oficinas da Casa do Concello", mediante o procedemento de contrato menor, co contratista Hacker Servicio Técnico, S.L., por importe de 1.083,00, IVE engadido.
- **SUBVENCIONS:** Resolución da Alcaldía de data 30.10.2012, participar na convocatoria da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, no grupo 1.b "Actividades dirixidas á recuperación de elementos históricos patrimoniais ou culturais representativos da paisaxe agraria tradicional".
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 30.10.2012, aprobación facturas-pago.

## NOVEMBRO:

- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 03.11.2012, aprobación certificación número dous (2) da obra "Parque Público en As Neves", por importe de 20.797,95 €, IVE engadido, presentada pola empresa ARECO, S.L.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 05.11.2012, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 05.11.2012, aprobación facturas-pago.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 07.11.2012, adxudicación da obra "Reparación de camiños: Mourente, O Seixo, Sande, O Lombo, A Corveira, O Machuco e outros", á empresa JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A., polo prezo de 30.147,46 €.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 7.11.2012, alta no Padrón Municipal de Habitantes de D. José Manuel Permuy Martínez, no lugar de Cabodantoi, 4-A Capela.

- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 08.11.2012, alta no Padrón Municipal de Habitantes de D. Javier Sabín Vilar, no lugar de O Pereiro, 1 - A Capela.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 12.12.2012, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 15.12.2012, aprobación facturas-pago.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 15.12.2012, concesión do día 28 de novembro de 2012, por asuntos propios a Dna. María Isabel Franco Rodríguez, Bibliotecaria Municipal.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 19.12.2012, concesión dos días pendentes de vacacións ó funcionario D. Jesús Franco Rodríguez, dende o día 22 de novembro ata o día 30 do mesmo mes (ámbalas datas inclusive).
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 19.11.2012, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 19.11.2012, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 20.11.2012, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 20.11.2012, aprobación facturas-pago.
- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 20.11.2012, concesión licenza urbanística a Dna. María Sol Piñeiro López, para obras de "Conservación e mantemento dun alpendre existente + construción de cerramento", no lugar de O Cruceiro, 1-Caaveiro.
- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 20.11.2012, concesión de licenza urbanística a D. Manuel Pérez Paz, para "Conexión ao alcantarillado", no lugar de Gunxel-A Capela.
- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 20.11.2012, concesión licenza urbanística a D. Antonio Permuy Díaz para "Ampliación de instalación interior de fontanería", na vivenda sita en As Neves, 33-A Capela.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 21.11.2012, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 21.11.2012, aprobación facturas-pago.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 23.11.2012, contratación laboral a tempo parcial, polo prazo de 6 meses, na categoría de peón a Inocencio Rodríguez Hermida.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 26.11.2012, aprobación gasto.

- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 26.11.2012, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 30.11.2012, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 30.11.2012, aprobación facturas-pago.

## **DECEMBRO:**

- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 03.12.2012, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 03.12.2012, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 05.12.2012, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 05.12.2012, aprobación facturas-pago.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 05.12.2012, concesión dos días pendentes de vacacións a Bibliotecaria Municipal Dna. María Isabel Franco Rodríguez, dende o día 10 de decembro ata o día 23 do mesmo mes.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 07.12.2012, concesión dos días pendentes de vacacións a Dna. Olga Galdo López, dende o día 10 de decembro ao 16 do mesmo mes.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 10.12.2012, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 12.12.2012, aprobación gasto.
- **SUBVENCIONES:** Resolución da Alcaldía de data 12.12.2012, sobre a contratación do Grupo de Gaitas Aresan, dentro da Rede Cultural de Deputación da Coruña 2012.
- **SUBVENCIONES:** Resolución da Alcaldía de data 12.12.2012, sobre a contratación do Grupo Folk Chiculate, dentro da Rede Cultural de Deputación da Coruña 2012.
- **SUBVENCIONES:** Resolución da Alcaldía de data 12.12.2012, sobre a contratación do Grupo de Danza Tradicional Galega Airiños do Frade, dentro da Rede Cultural de Deputación da Coruña 2012.
- **SUBVENCIONES:** Resolución da Alcaldía de data 12.12.2012, sobre a contratación do Grupo de Música Folk Balakandra, dentro da Rede Cultural de Deputación da Coruña 2012.

- **SUBVENCIONS:** Resolución da Alcaldía de data 12.12.2012, sobre a contratación do Grupo Javier Muro-Eventos Mágicos, dentro da Rede Cultural de Deputación da Coruña 2012.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 13.12.2012, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 17.12.2012, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Resolución da Alcaldía de data 18.12.2012, aprobación conta xustificativa da Escola Municipal de Música da Capela para o período comprendido entre o día 1 de xaneiro e o 30 de setembro de 2012.

O pleno queda enterado.

#### **4. MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.**

Polo voceiro do Grupo Municipal do BNG, D. Juan Puentes Calvo, dase lectura á moción, que copiada literalmente di:

"Moción : Local Grupos Políticos

A Petición dos distintos grupos políticos, de xeito reiterado, vostede respondeu que os mesmos disporían dun local cedido polo Concello. A promesa non foi cumprida.

Nós solicitamos deste Pleno a aprobación da cesión de uso dun local público para os grupos políticos."

Dí D. Juan Puentes Calvo que se trata de dar forma legal a unha petición xa feita varias veces, que ademais é unha demanda de todos os grupos políticos.

Polo Sr. Alcalde-Presidente dise que o local xa está acondicionado e pintado, pero aínda persisten humidades debido a que hai que modificar a claraboya do teito, agarda que no vindeiro mes de xaneiro o local poida estar listo para o seu uso.



Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, dise que se trata dunha vella reivindicación dos grupos da oposición e dille ó voceiro do Grupo Mixto - BNG, que tivo unha boa ocasión de cumprir con esta petición cando estivo no equipo de goberno, remata a súa intervención anunciando o voto favorable do seu grupo .

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, dise que o seu grupo está a favor da moción e que se agradece a reivindicación feita polo BNG, pero que cando formou parte do equipo de goberno non fixo nada por arranxar este problema.

Remata o debate deste asunto o voceiro do Grupo Mixto - BNG, D. Juan Puentes Calvo para suliñar expresamente que nunca o PP ou AIAC, presentaron ó Pleno moción con respecto a este tema, que cando formou parte do equipo de goberno non dispuxo persoalmente de ningún local para o seu grupo e que cando o BNG necesitou algún local solicitou a súa cesión á Alcaldía igual que os demais grupos municipais.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos Sres. /Sras. Concelleiros /as asistentes á sesión, adopta acordo aprobando a moción presentada polo voceiro do Grupo Mixto - BNG.

## **5. ROGOS E PREGUNTAS.**

### **ROGOS**

Dase conta dos rogos presentados por Alternativa Independiente de A Capela (AIAC), que de seguido se relacionan:

1. Xa fai bastante tempo que a carretera que vai dende O Roxal hasta As Filgueiras está dando moitos problemas ós conductores debido á mala calidad do firme, unido ó pouco ancho que ten a carretera, que fan que estén dando numerosos accidentes e a maioría deles son saídas da vía.

Moito nos tememos que como non se lle de unha rápida solución ó mal estado desta carretera, calquera día teremos que lamentar un accidente grave de verdad.

Polo tanto,

Rogámoslle ó equipo de goberno que realice as xestións necesarias ante a Xunta de Galicia (propietaria da carretera) para buscarlle unha solución a este

grave problema, que pode dar lugar a unha desgracia como non se arranxe. Pola nosa parte, estamos dispostos a colaborar no que sexa necesario para levar adiante estas xestións.

Polo Sr. Alcalde respóndase que se atende o rogo e infórmase que se está a elaborar un dossier para elevar á Xunta de Galicia, ós efectos de que polo menos teñan por escrito coñecemento do tema.

2. A sinalización do campo de fútbol existente no concello resulta moi escasa por non decir que é nula. Este ano, debido ó equipo dos veteranos, hai moitos equipos que é a primeira vez que veñen ó Campo de Fútbol dos Calzados e encontran moitas dificultades para dar con él.

Polo tanto,

Rogámoslle ó equipo de goberno, que sinalice dunha maneira axeitada o campo de fútbol para evitar os problemas de localización que están sufrindo os equipos que veñen xogar ó noso campo.

Sínálase polo Sr. Alcalde que se atende o rogo, xa que efectivamente existen varios lugares e dependencias que hai que sinalizar, fala en concreto o Sr. Alcalde-Presidente ademáis do campo de fútbol da Cooperativa do Campo dos Calzados.

Dase conta do rogo presentado polo Grupo Municipal do Partido Popular, que a continuación se relaciona:

Parte dos contenedores, tanto de vidro, lixo ou plásticos, atópanse situados dun xeito que entorpece en moitas ocasións o tránsito propio de arrastre dos plubiales. ROGAMOS, se revise e limpe donde proceda.

Polo Sr. Alcalde-Presidente dise que se atende o rogo e máis que darlle unha limpeza o que se trata é de buscar unha mellor ubicación.

Dase conta dos rogos presentados polo Bloque Nacionalista Galego, que de seguido se relacionan:

1) Dende fai moito tempo levo manifestando neste Pleno a través de distintas vías que é unha obriga do Concello, con respecto ós seus traballadores,

pagarlles ademáis do salario estipulado, os traballos que realicen de xeito extraordinario fora do seu horario laboral.

A última vez que mencionei este tema nun Pleno o Sr. Alcalde manifestou que o Concello efectuaría os pagos correspondentes ás horas extraordinarias ós empregados. No momento de redactar este documento teño a certeza de que isto non se cumpriu.

Unha vez máis, rógole a este equipo de goberno que efectúe os pagos pendentes por consideracións éticas.

Respóstalle o Sr. Alcalde-Presidente que se atenderá o rogo.

2) Actualmente levo observado de xeito persoal, que en determinados horarios, na biblioteca municipal danse unhas circunstancias bastante anómalas en canto a concurrencia de moitas persoas alleas a actividade que alí se realiza, ocasionando situacións que altera o funcionamento normal dos usuarios da biblioteca.

Rógole que considere a posibilidade de trasladar algunhas actividades a outro edificio municipal para mellorar as condicións de funcionamento da biblioteaca e respectar a súa finalidade como lugar de estudio.

Respóstaselle polo Sr. Alcalde-Presidente que se atenderá o rogo.

## **PREGUNTAS**

Dase conta das preguntas formuladas polo Grupo Municipal de Alternativa Independiente de A Capela, que de seguido se relacionan:

1. Xa fai máis de catro anos que se aprobou por unanimidade desta corporación, unha moción na que se acordaba iniciar os trámites para a devolución do Monte Corregosos ós seus lexítimos propietarios. Según palabras do Sr. Alcalde, esta devolución non é posible sin ser reclamada xudicialmente polos donos. Ante isto, solicitamos que se lle devolvan os cartos ingresados por eles e que se lles esixiu para poder recuperar o monte, pois este, de momento, aínda non se devolveu.

Respóstalle o Sr. Alcalde-Presidente, que se espera devolver o diñeiro neste ano 2013.

2. Na carretera das Neves, o tramo desde Vilarón hasta a altura do colexio, ten moitos baches. Reclamoulle o equipo de goberno ás Xunta de Galicia a súa reparación?

Resposta o Sr. Concelleiro delegado de obras de que se teñen feito xestións diante da Xunta, pero que a resposta é sempre a mesma, non hai diñeiro.

3. Desde este grupo político, vemos bastante complicado que se vaia facer o novo centro médico dada a política de recortes que está facendo o goberno da Xunta. Por outro lado, o actual centro médico, está a sufrir un gran deterioro que sería necesario ter en conta. Vai tomar algunha decisión o equipo de goberno para manter o boas condicións o actual centro?

Resposta o Sr. Concelleiro delegado de obras de que eses traballos no Centro de Saúde se tiñan pensado acometer co persoal que contratou a Deputación, pero non poden facer ese tipo de traballos polo que cando se poida con persoal propio do Concello e en horario fóra de xornada, polas tardes, faráse.

4. Cal é a situación do bedel do colexio? Váiselle ampliar o horario?

Respóstalle o Alcalde-Presidente que se está estudiando, aínda non é unha realidade si é factible a partires de xaneiro de 2013 aumentar 2 horas diarias.

5. Na última reunión de portavoces, díxose polo Sr. Alcalde, que obsequiara ós funcionarios do concello cunhas cestas de Nadal. Cal foi o valor total destas cestas? Por qué non se compraron as cestas dentro do comercio local da Capela? Pódese permitir o concello gastar esta cantidade de diñeiro nunhas cestas de Nadal?

Respóstalle o Sr. Alcalde-Presidente que o importe xa se dixo na Xunta de voceiros e ascendeu á cantidade de 390 € que non se comprou a establecementos da Capela, porque cando se comunicou que a Cooperativa tiña cestas o Concello xa as tiña encargadas; en todo caso trátase dunha medida de carácter puntual para compensar en certa maneira o feito de que ós funcionarios lles fora suprimida a paga extra de decembro, que en cartos ascende a moitísima máis cantidade do custo do conxunto das cestas. Dí ademáis o Sr. Alcalde-Presidente que a xente necesitada da Capela está a recibir do Banco de alimentos do concello o que necesite e polo tanto son dous temas distintos.

Dase conta das preguntas presentadas polo Grupo Municipal do Partido Popular da Capela, que a continuación se relacionan:

- Os Traballos que se realizaron na Escola de Guitiriz, están rematados na súa totalidade?. (Adaptados a proxecto).

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente de que as obras que figuraban no proxecto están totalmente feitas e rematadas.

- ¿A qué partida presupuestaria está cardagas as supostas cestas para os empregados públicos deste Concello?

Resposta o Sr. Alcalde que na partida 2012.3.22.

- ¿A qué partida presupostaria estarán cargados os gastos derivados da Cabalgata de Reis, organizada polo Concello?

Resposta o Sr. Alcalde que na partida 2012.3.22.

- Parece que dúas cabalgatas de Reis, para unha poboación como A Capela, son excesivas, ¿Por qué o equipo de goberno, sendo representante de todos os veciños, non foi máis flexible a hora das negociacións cunha parte da sociedade de A Capela?

Resposta o Sr. Alcalde que flexibilidade coa Asociación Noso Lar de Sande, tívose toda, xa que fai un ano falouse con eles de cara a este 2012, e quedouse en facer unha sóa cabalgata, este ano voltaronse a ter reunións non só coa Asociación Noso Lar de Sande, senón con todas as entidades en varias ocasións, pero os de Sande quixeron ir por libre, e o Concello o que ten que facer é organizar unha cabalgata para todos os nenos e nenas do Concello.

Formúlase derradeiramente polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, "in voce", a seguinte pregunta ¿Por qué non están actualizadas as actas do pleno na páxina web do concello?

Ó tratarse dun tema administrativo resposta o Sr. Secretario que se mirará o tema pero que o criterio establecido é publicar as actas unha vez que son aprobadas polo Pleno do Concello, en caso de non estar actualizado o histórico de actas faráse de inmediato a actualización.

Dase conta das preguntas presentadas polo Bloque Nacionalista Galego, que de seguido se relacionan:

### 1) Lei de Protección de Incendios.

O Sr. Alcalde respostounos dende fai varios meses que estaba pendente dun informe técnico.

1. Está elaborado ese informe? Comprometese a presentarllo os grupos políticos nun prazo concreto?

2. Independentemente do informe, o equipo de goberno ten previsto facer algunha comunicación os veciños?

3. Ten pensado o Sr. Alcalde invitar os veciños a cumprir dalgún xeito a normativa vixente (Regulamento Municipal, PXOM, Lei de Protección de Incendios, Lei de Montes) e informalos da mesma?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que ó fin o informe xa está feito e vaise enviar en vindeiras datas un a cada vivenda, xunto cunha carta da alcaldía solicitando a colaboración para o cumprimento da normativa.

### 2) Normativa da Participación Cidadá.

O Sr. Alcalde comprometeuse ante este Pleno a convocar a todo o movemento asociativo do concello e grupos políticos a unha xunta co obxecto de poñer en funcionamento a normativa de Participación Cidadá antes de que rematase este ano.

1. Existe algún motivo para que vinda non se realizara esta xuntanza?

2. Cando se vai levar a cabo?

3. Ou considera que non é interesante?

Respóstalle o Sr. Alcalde, no sentido de que hai que facer un cambio en pleno pola dimisión do exconcelleiro de cultura D. José Manuel Corral Bellas, unha vez feito convocarase o Consello de participación veciñal.

**3) Un informe do Secretario Municipal referente a todas as mocións aprobadas por este Pleno, os trámites realizados sobre as mesmas, e o estado de execución.**

1. Vaille solicitar este informe o Secretario Municipal?

2. Ten previsto elaborar este informe e darlle coñecemento do mesmo ó Pleno Municipal.

Ó ser un tema estrictamente administrativo polo Secretario do Concello dise que todas as mocións que conteñen acordos para enviar a outras administracións ou autoridades son cumprimentadas coa acta de cada sesión e figuran no correspondente expediente.


#### 4) Parque Municipal

1. Cando ten previsto rematar as obras para realizar a apertura?
2. Ten previsto facer algún peche perimetral na zona adicada ós nenos?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que as obras aínda non están rematadas porque o tempo non axuda, falta pegar baldosas de caucho, nas zonas da randeeira e escorregadoiro. Ademáis está previsto facer un peche sobre todo contra a casa de Alfonso.


E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as once horas cinco minutos, de todo o cal eu, Secretario dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

**O Alcalde-Presidente,**



Manuel Meizoso López

**O Secretario,**



José A. Meizoso Paz